

Mercaroupa

Eduardo Vicenti, 1 - 15 BUEU
Méndez Núñez, 29 CANGAS
Eugenio Sequeiros, 3 CANGAS
Concepción Arenal, 54 MOAÑA



NEL FREIRE.

986 32 26 08 - 680 317 782

OBRADOR TRADICIONAL: RÚA DO SANTAN 9

OBRADOR SIN GLUTEN: C/ JOSÉ M^a ESTÉVEZ 7

(A 50 M DEL OBRADOR TRADICIONAL)

BUEU

AgroManolo

- Piensos
- Cereales
- Semillas
- Animales
- Fitosanitarios
- Etc...



698 142 490

Alfonso R. Castelao, 44 Telf.: 986 32 31 59
36930 BUEU
romanolo@hotmail.com

SAÚDA DO ALCALDE



Nos tempos que habitamos é cada vez máis importante COMPARTIR tempo coa familia, coas amizades, coas persoas que nos son próximas. E neste sentido, as festas populares son eses espazo de encontro, de comunidade, ideais coma ningún outro para vivir en harmonía cos demais mentres gozamos da música, da natureza e dos nosos produtos. En definitiva, de CELEBRAR.

Este mes xullo celébrase en Cela de novo a Festa do Viño Tinta Femia, un evento que reivindica a esencia do que somos, pois nela dáse esa simbiose máxica entre o mar e o agro, da que tanto sabemos en Bueu e que tanto nos identifica. A través deste viño con xénese propia defendemos unha forma única de ver e sentir o mundo e por iso, conscientes de que o noso debe ser un ben a preservar, quero agradecer un ano máis, á Asociación de Viticultores San Martiño de Bueu por recuperar este produto que nos fai singulares, que transmite a querenza polos costumes propios, polo que sempre foi e será noso, dos bueueses e bueuesas. E é que neste mundo tan veloz e imparabile, temos que apostar firmemente pola cultura e a tradición, polo Bueu que sentimos a través das nosas orixes. Por iso, pero sobre todo por seren capaces de manter viva esta festa despois de tempos tan complexos, traslado o meu máis sincero recoñecemento ao labor de todas e cada unha das persoas que compoñen a Asociación, aos colleiteiros e colleiteiras que fan posible que Bueu poida seguir contando, legando e testemuñando a historia propia a través do viño "Tiña Femia", ese líquido que corre polas nosas veas, e que tanto se recoñece tamén alén das nosas fronteiras.

Por último, animo a toda a veciñanza e persoas visitantes a que se acheguen á parroquia de Cela para gozar da perfecta combinación entre mar e agro que se propón nesta festa que constitúe un dos nosos innegables referentes. A TECER xuntos e xuntas esta comunidade.



Félix Juncal Novas
Alcalde do Concello de Bueu